



DATOS IDENTIFICATIVOS

Mentalidade, identidade e cambio social

Materia	Mentalidade, identidade e cambio social			
Código	O02G251V01910			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Prada Rodríguez, Julio Campos Álvarez, José Ramón			
Profesorado	Campos Álvarez, José Ramón Prada Rodríguez, Julio			
Correo-e	xrcampos@uvigo.es jprada@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Análise xeral dos procesos e elementos mentais e ideolóxicos que conforman a identidade das sociedades, así como os cambios que se produciron no transcurso do tempo. Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Competencias

Código	
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
B5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz
C17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente
C18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas
D3	Capacidade de organización e planificación
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D16	Coñecemento doutras culturas

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Avaliación do proceso de construción dalgúns elementos esenciais da evolución humana	B2	D16
Análise dos comportamentos humanos e as estratexias de distintas institucións e organizacións sociais, políticas e relixiosas ao longo da Historia	B2	
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna	A4	B5
Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto.	A4	C17

Contidos	
Tema	
1. Introducción á Historia Social e das Mentalidades. Humanismo e ciencia.	1.1 As viaxes de descuberta: Unha nova visión do mundo.
2. Pensamento, Cultura e Identidade en América.	2.1 De Bolívar ao Bolivarianismo do século XXI. 2.2 Novas ideoloxías e novas identidades. Conflitividade social e violencia política. Indixenismo. 2.3 A música na cultura: A canción revolucionaria.
3. Migracións na época contemporánea: O caso galego.	3.1 Causas. Mentalidade de ida e volta. Influencia e cambios nas sociedades de acollida e de orixe. 3.2 Asociacionismo e identidade cultural. 3.3 Os retornados, entre a idea de cambio e a adaptación.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	30	45
Obradoiro	10	10	20
Traballo tutelado	10	20	30
Seminario	5	15	20
Resolución de problemas	8	2	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	22	24
Observación sistemática	0	1	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición das liñas de interpretación e desenvolvemento dos temas que forman parte do programa de contidos.
Obradoiro	Actividades orientadas á resolución de exercicios prácticos na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistras que inclúan a resolución de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos e análise e interpretación de materiais gráficos e dixitais.
Traballo tutelado	Supervisión, dirección e resolución de problemas derivados da realización de traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento aos instrumentos de recompilación de información. Deberán estar asignados inexcusamente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre.
Seminario	Discusión e resolución de problemas xurdidos na realización dos traballos prácticos e nas clases maxistras.
Resolución de problemas	Sesións orientadas ao seguimento e orientación sobre o estudo dos contidos, a preparación das actividades e probas de avaliación e a realización dos traballos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Discusión e resolución de problemas xurdidos na realización dos traballos prácticos e nas clases maxistras. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).
Resolución de problemas	Explicación das liñas xerais dos traballos persoais, revisión dos materiais utilizados polo alumnado e resolución de dúbidas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).
Obradoiro	Explicación das liñas xerais dos traballos persoais indicados. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Obradoiro	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados (de análise e crítica) dos exercicios prácticos (lecturas, comentarios de texto, material gráfico e dixital) marcados polo profesor. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas. Respecto a outras culturas e os modos de entender o home a súa contorna.	20	B5 C17
Traballo tutelado	As sesións de traballo tutelado avaliaranse mediante a realización dun traballo a desenrolar sobre algún tema do programa. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica.	30	C18 D3 D5 D9
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización dunha proba na que se valorarán os coñecementos teóricos sobre diversos aspectos da materia, a capacidade de estruturación e relación dos contidos, así como a claridade expositiva. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Avaliación do proceso de construción dalgúns elementos esenciais da evolución humana. Análise dos comportamentos humanos e as estratexias de distintas institucións e organizacións sociais, políticas e relixiosas ao longo da Historia.	40	B2 D16
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado. Avaliación continua do seu traballo autónomo, a través da realización das actividades e probas que conforman a programación da materia. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento da Historia das mentalidades nunha perspectiva comparada	10	A4

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a *dispor como alternativa de probas de avaliación global* (artigo 64.g dos Estatutos da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación contínua, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

DUBY, G., **Historia de la vida privada**, 1ª, Crítica, 1991

Bibliografía Complementaria

ANDRÉS GARCÍA, M., **Indigenismo, Izquierda, Indio, Perú, 1900-1930**, 1ª, UNIA, 2010

CAGIAO VILA, P. (coord.), **A emigración galega a América do Sur**, 1ª, Hércules, 2013

CAGIAO VILA, P. y NÚÑEZ SEIXAS, X. M., **Os galegos de Ultramar 2. Os galegos no Río da Plata**, 1ª, La Voz de Galicia, 2007

DUBY, G., **Historia de las mujeres en occidente**, 1ª, Taurus, 1991-1993

ELLIOTT, J., **España, Europa y el mundo de ultramar**, 1ª, Taurus, 2009

GARCÍA JORDÁN, P. (coord.), **La articulación del Estado en América Latina. La construcción social, económica, política y simbólica de la nación, siglos XIX-XX**, 1ª, Universitat de Barcelona, 2013

MORANT, I. (dir.), **Historia de las mujeres en España y América Latina**, 1ª, Cátedra, 2006

SIXIREI, C.; CAMPOS, X.R. y FERNÁNDEZ, E., **Asociacionismo Galego (2 Vols)**, 1ª, Xunta de Galicia, 2001

VILLARES, R., **Historia da emigración galega a América**, 1ª, Xunta de Galicia, 1996

VOUVELLE, M., **Ideoloxías y Mentalidades**, 1ª, Ariel, 1985

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia de América contemporánea/O02G251V01901

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Historia de América contemporánea/O02G251V01901

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia de América precolombina e colonial/O02G251V01105

Historia contemporánea universal/O02G251V01403

Historia moderna universal/O02G251V01402

Outros comentarios

É necesario que o alumno/a sexa capaz de ler en portugués e inglés.

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma Moodle (<https://moovi.uvigo.gal>) documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.
